

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN 2023.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co concello de Lalín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello, para o apoio á celebración da Feira do Cocido de Lalín.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus

[Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)  
[15897 Santiago de Compostela](#)  
[turismo.gal](#)





estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

**Segundo.-** Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

**Terceiro.-** O concello de Lalín ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Feira do Cocido de Lalín.

**Cuarto.-** A concepción da Feira do Cocido de Lalín terá o día grande da Feira do Cocido domingo 12 de febreiro de 2023 celebra a súa cincuenta e cinco edición, remóntase ao ano 1968, cando os alcaldes dos seis municipios da Comarca de Deza (Lalín, Silleda, Vila de Cruces, Rodeiro, Agolada e Dozón) se reuniron para artellar unha estratexia de difusión e comercialización dos produtos vencellados coa gastronomía típica da comarca.





Tras unha primeira toma de contacto baixo o lema "Unidos por el mismo afán" foi o Concello de Lalín o que decidiu levar á práctica as ideas xurdidas naquel encontro mediante a creación da Feira do Cocido, un evento que se celebrou por primeira vez en 1969 para exaltar o prato máis tradicional e senlleiro da cociña galega, o cocido, que en Lalín adquire carta de identidade propia.

Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter os seus sinais de identidade e, ao mesmo tempo, foise renovando con novas propostas que foron xurdindo co paso dos anos como o Mes do Cocido, A Matanza Tradicional do Porco, o Premio de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro retransmitido pola TVG, o Cocido Miúdo, a Carreira do Cocido, o Rally do Cocido ou a Feira Apícola Internacional de Lalín, novidade incorporada no 2022 e que se incorpora ao amplo programa de actividades da Feira do Cocido, concertos, degustacións de cocido en diferentes cidades e países, ...

O atractivo turístico e cultural desta celebración vese corroborada ano tras ano pola masiva afluencia de público no día grande da feira, que acostuma a colapsar Lalín coa chegada de máis de 60.000 persoas, tamén polo fluxo constante de visitantes ao noso pobo e por extensión a toda a Comarca durante os meses previos e posteriores á data principal, xa que podemos atoparnos visitantes degustando e gozando do Cocido de Lalín xa no mes de outubro ata ben entrado o mes de abril.

Esta afluencia constante de visitantes contribúe a posicionar a Lalín e á Comarca de Deza como unha referencia do turismo de interior galego, que permite difundir os nosos recursos turísticos, gastronómicos, culturais ou patrimoniais e xera unha dinámica socioeconómica positiva.

O vindeiro 12 de febreiro esa xornada grande converterase na culminación dunha infinidade de actividades en torno a este prato senlleiro da cociña galega. Ese día as cores das carrozas, charangas, comparsas e grupos tradicionais farase dono das rúas de Lalín tras a lectura do pregón. A propia Feira será outro dos principais atractivos, xa que os mellores produtos das fértiles terras de Deza e de Galicia expóñense nos numerosos postos instalados na carpa do Cocido (durante o sábado e o domingo)





situada no Campo da Feira Vello, ofrecendo un delicioso percorrido visual e aromático a quen camiña entre eles.

Exquisitas viandas como a carne de porco, os chourizos, a carne de vacún, os doces, o pan ,o queixo, a artesanía e outros produtos característicos da comarca e do resto do país partirán cara os máis diversos puntos da xeografía nacional demostrando que Lalín é sinónimo de cocido e do mellor da gastronomía galega e por tanto embaixador de Galicia alá por onde pasa.

No ano 1999 declarouse, por parte da Xunta de Galicia, como Festa de Galicia de Interese Turístico (resolución do 24 de xuño de 1999, DOG nº 131 de 9 de xullo), no 2010 obtén o recoñecemento como Festa de Interese Turístico Nacional (resolución do 2 de xuño de 2010, BOE nº 156 de 28 de xuño), e no ano 2020 é declarada **Festa de Interese Turístico Internacional**.

**Quinto.-** Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Lalín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado





por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

